



Concello de Mugaros
(A Coruña)

3/2021. ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO CONCELLO PLENO DE MUGARDOS O DIA 24 DE FEBREIRO DE 2021.

Sendo as dezanove horas e trinta e sete minutos do día 24 de febreiro do ano dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, celebrándose a mesma de xeito telemático debido a que a situación excepcional que se está a padecer, por mor da crise sanitaria xerada pola expansión do coronavirus COVID-19, dificulta de xeito desproporcionado o normal funcionamento do réxime presencial das sesións plenarias, e ao abeiro do acordo adoptado mediante a Resolución da Alcaldía núm. 155/2021, de data 18.02.2021; sesión que se leva a cabo baixo a presidencia do alcalde-presidente D. Juan Domingo de Deus Fonticoba, con asistencia das/dos concelleiras/os Dna. Ana María Varela Bastida, D. José Miguel Mahía Prados, Dna. Begoña Roldós Iglesias, D. Jorge Manuel Kuntz Peiteado, Dna. Maria del Pilar Diaz Otero, D. Iván Martínez González, Dna. María Dolores González Lorenzo, Dna. María Irene Toimil Fernández, D. José Ángel Martínez Bardanca, Dna. Marta Ruiz del Ganso, D. Ignacio Fernández Fernández e D. Argemino Varela Filgueiras, e para a que previamente se teñen identificado tódolos integrantes do Pleno da Corporación, atopándose todos eles en territorio español. Asiste tamén, a distancia, a interventora municipal Dna. Ana María Gómez Peña, que previamente se ten identificado, atopándose tamén en territorio español.

Actúa como secretario, o que o é da Corporación, D. David Veiga Sierra, facéndose constar que tódolos concelleiros/as asistentes atópanse acreditados e perfectamente identificados polo que reúnen os requisitos para poder participar, mediante conexión por medios telemáticos, na presente sesión plenaria.

Aberta a sesión pola Presidencia, éntrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:


1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DA SESIÓN ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 27.01.2021 (1/2021) E 04.02.2021 (2/2021).

10 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e sométese a votación, en primeiro lugar, a acta da sesión realizada o día 27 de xaneiro de 2021.

O Pleno da Corporación, por 12 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e coa abstención da concelleira Dna. María Dolores González Lorenzo, por non ter emitido ningún sentido de voto, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión ordinaria realizada o día 27.01.2021 (1/2021).

40 s: Polo sr. Alcalde sométese a votación a acta da sesión realizada o día 4 de febreiro de 2021.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

54 s: A sra. González Lorenzo intervén para informar sobre os problemas que está a padecer para poder seguir a sesión de xeito telemático e pregunta cal é o sistema para realizar a votación.

1 min 13 s: Polo sr. Alcalde aclárase como se leva a cabo a votación.

E o Pleno da Corporación, por 12 votos a favor (5 PP, 3 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE, 1 BNG) e coa abstención do concelleiro D. Iván Martínez González, por non ter asistido a sesión, acorda prestar a súa aprobación á acta da sesión que de seguido se relaciona:

- Acta da sesión extraordinaria urxente realizada o día 04.02.2021 (2/2021).

2.- MOCIÓN PRESENTADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AS MOBILIZACIÓNS FEMINISTAS DO 8 DE MARZO.

1 min 35 s: Polo sr. Alcalde dase lectura á denominación do presente punto da orde do día e de seguido dá a palabra ao relator da moción.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1 min 47 s: Polo sr. Varela Filgueiras faise unha exposición dos motivos que deron orixe á presentación da moción.


5 min 16 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

5 min 36 s: O sr. Martínez Bardanca expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, que sería favorable á aprobación do primeiro punto dos acordos propostos na moción e desfavorable no que se refire á aprobación dos outros dous puntos dos acordos propostos na moción; manifestando que o sentido do voto do seu grupo será o da abstención.

7 min 09 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS



Concello de Mugardos
(A Coruña)

7 min 27 s: Polo sr. Mahía Prados maniféstase a conformidade do seu grupo co contido xenérico da moción aínda que sinala que este tipo de declaracións deberían de intentar de levarse ao Pleno despois de acadar un acordo entre tódolos grupos municipais, para así facer unha declaración ou un comunicado conxunto por parte do Concello. De seguido propón unha emenda aos acordos propostos na moción; emenda que consistiría na modificación da redacción do primeiro punto dos acordos e a supresión dos puntos dous e tres dos acordos propostos na moción.

12 min 37 s: O sr. Alcalde dá por finalizado o debate sobre o asunto e dá a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do BNG aos efectos de que por este se peche a moción.

12 min 41 s: Polo sr. Varela Filgueiras lévase a cabo o peche da moción argumentando os motivos polos cales entende que se deben presentar este tipo de mocións nos Concellos aínda que non se trate de competencias municipais.

13 min 35 s: Polo sr. Alcalde lémbrese ao relator da moción que hai unha emenda á mesma formulada polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular.

13 min 48 s: O sr. Varela Filgueiras indica que a emenda ao primeiro punto non tería sentido aceptala si nos outros dous puntos se está en contra e non se vai a votar a favor.

13 min 58 s: O sr. Alcalde dá a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular

14 min 02 s: Polo sr. Mahía Prados faise unha aclaración sobre o contido da emenda proposta polo seu grupo.

14 min 29 s: O sr. Varela Filgueiras, á vista da aclaración efectuada polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, manifesta que non admiten as emendas propostas.

14 min 42 s: Polo sr. Alcalde, unha vez rematadas as intervencións, sométese o asunto a votación..

Rematadas as intervencións, sométese a votación a moción presentada polo voceiro do Grupo Municipal do BNG sobre as mobilizacións feministas do 8 de marzo, producíndose o seguinte resultado: 5 votos a favor (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), 5 votos en contra (5 PP) e 3 abstencións (3 PSOE), acordando o Concello Pleno, co voto de calidade do sr. Alcalde, en consecuencia co sentido do seu voto emitido durante a votación, rexeitar a devandita moción.

3.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS NÚMS. 56/2021, 91/2021 E 141/2021.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

15 min 18 s: Polo sr. Alcalde dase conta das resolucións números 56/2021, 91/2021 e 141/2021.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións da alcaldía que de seguido se relacionan:

▪ **Resolución da alcaldía núm. 56/2021, de 21.01.2021**, sobre modificación da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía na Xunta de Goberno Local mediante a resolución da alcaldía núm. 1414/2019, de data 13.12.2019.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 91/2021, de 02.02.2021**, sobre Protocolo/instrucción de medidas para a actuación do persoal empregado público do Concello de Mugardos diante da situación epidemiolóxica e sanitaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

▪ **Resolución da alcaldía núm. 141/2021, de 15.02.2021**, sobre prórroga das medidas extraordinarias aprobadas pola Resolución núm. 91/2021 así como das autorizacións concedidas para a prestación de servizos mediante teletraballo aprobadas polas Resolucións números 104/2021 e 112/2021.

4.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DITADAS POLA ALCALDÍA E POLAS/OS CONCELEIRAS/OS DELEGADAS/OS DENDE O ANTERIOR PLENO ORDINARIO: RESOLUCIÓN QUE VAN DENDE A NÚM. 52/2021 Á 151/2021, AMBAS INCLUSIVE.

15 min 34 s: Polo sr. Alcalde dase conta das resolucións ditadas pola Alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os dende o anterior Pleno Ordinario, resolucións que van dende a número 52/2021 á 151/2021, ambas inclusive.

O Pleno da Corporación dáse por informado das resolucións núms. 52/2021 á 151/2021, ambas as dúas inclusive, ditadas pola alcaldía e polas/os concelleiras/os delegadas/os, dende o anterior pleno ordinario.

DECLARACIÓN DE URXENCIA:

15 min 48 s: Polo sr. Alcalde se informa de que se quere incluír un asunto pola vía da urxencia, e de seguido dalle a palabra ao concelleiro delegado da área de facenda.

A.- CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019.

15 min 59 s: Polo sr. Mahía Prados xustifícase a urxencia de incluír o presente punto na orde do día.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

17 min 24 s: Polo sr. Alcalde, logo da xustificación efectuada polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sométese a votación a inclusión, pola vía da urxencia, do citado asunto.

Logo de efectuar a exposición dos motivos que xustifican a votación da urxencia do asunto citado, o Pleno da Corporación, **ACORDA:**

Por 12 votos a favor (5 PP, 4 EU-SON EN COMÚN, 3 PSOE) e unha abstención (1 BNG) e, polo tanto, co quorum esixido no artigo 57.2 do Regulamento Orgánico Municipal, declarar de urxencia o asunto: **“CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019”** incluído na orde do día, e tratalo antes de rogos e preguntas, como punto núm. 5.

5.- CONTA XERAL DO EXERCICIO 2019.

17 min 48 s: Polo sr. Alcalde, unha vez acordada a inclusión do presente punto na orde do día, dase a palabra ao concelleiro delegado da área de facenda.

- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

17 min 50 s: Polo sr. Mahía Prados faise unha exposición e xustificación da proposta que se somete ao Pleno, aclarando que o que se somete a votación é a rendición da Conta Xeral e non o seu contido.

19 min 25 s: O sr. Alcalde pregunta se algún grupo quere intervir e de seguido dá a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no primeiro turno de intervencións.

- 1º TURNO DE INTERVENCIÓNS

20 min 06 s: O sr. Varela Filgueiras expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, e manifesta que o sentido do voto do seu grupo será favorable á aprobación da Conta Xeral.

22 min 07 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSOE.

22 min 13 s: O sr. Martínez Bardanca expón a postura do seu grupo no presente punto da orde do día, indicando que non están a aprobar a xestión que se fixo durante o ano 2019 senón que están a aprobar as contas que amosan dalgún xeito o que estaba a pasar nese momento; manifestando que o sentido do voto do seu grupo será favorable á aprobación da Conta Xeral.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

27 min 52 s: Polo sr. Alcalde pregúntase se algún grupo municipal quere solicitar a apertura dun segundo turno de intervencións, dando de seguido a palabra a aqueles concelleiros/as que solicitaron intervir no segundo turno de intervencións.

- 2º TURNO DE INTERVENCIÓNS

28 min 34 s: O sr. Martínez Bardanca fai fincapé na elaboración do Plan de Acción que se recomendaba no informe de intervención, e indica que xa tiñan comentado en algunha ocasión que sería bo facer un seguemento dos contratos para así poder controlar que estes se leven correctamente, e para o cal habería que facer un plan con datas para que os contratos se vaian levando á legalidade e así non ter que estar aprobando modificacións de crédito e recoñecementos extraxudiciais.

30 min 42 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao concelleiro delegado de facenda.

30 min 50 s: Polo sr. Mahía Prados intervíntese para aclarar o tema da elaboración do Plan de Acción, e comprométese a elaborar unha planificación anual. A continuación, sinala que é necesario darlle carpetazo ao ano 2019, e detalla os motivos polos cales non se debe mirar cara ao que se fixo anteriormente e si mirar cara ao futuro, para de seguido dicir que a urxencia de traer a Conta Xeral a este Pleno é que o día 25 de febreiro remata o prazo para o Fondo de Compensación Ambiental. De seguido, o sr. Mahía Prados fai un resumo de diversos aspectos contidos na documentación técnica da Conta Xeral e recalca os esforzos e sacrificios realizados polo grupo de goberno para regularizar a situación que se atoparon cando chegaron ao goberno do Concello. Para rematar, o sr. Mahía Prados sinala que estas contas son o reflexo de alguén que xestionou fondos públicos e que non deu a talla.

42 min 36 s: O sr. Alcalde dá por finalizado o debate sobre o asunto sometendo o mesmo a votación.

Rematadas as intervencións, sométese a votación a Conta Xeral do Exercicio 2019, e o Concello Pleno, tendo en conta o informe emitido pola interventora municipal en data 11.12.2020, obrante no expediente, así como o ditame da Comisión Informativa Especial de Contas celebrada o día 13.01.2021, e tendo en conta, así mesmo, que durante o prazo de exposición pública transcorrido dende o 20.01.2021 ata o 19.02.2021, ámbolos dous inclusive, non se ten presentado alegación algunha, por unanimidade, acorda:



Concello de Mugardos
(A Coruña)

Primeiro.- Aprobar a Conta Xeral do Orzamento Municipal correspondente ao exercicio 2019, integrada polas contas anuais, a memoria e a documentación complementaria, o resultado da cal é o seguinte:

1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	6.790.118,00
2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	6.264.156,41
3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO(1-2)	525.961,59
4.CREDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (+)	468.124,87
5. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO (suman)	350.885,36
6. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO (restan)	536.653,27
7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3+4+5-6)	808.318,55

FONDOS LÍQUIDOS		3.170.431,83
DEREITOS PENDENTES DE COBRO		2.009.821,91
+De orzamento corrente	493.052,58	0,00
+De orzamentos pechados	1.405.170,22	0,00
+De operacións non orzamentarias	111.599,11	0,00
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		1.032.041,57
+De orzamento corrente	349.028,33	0,00
+De orzamentos pechados	395.236,89	0,00
+De operacións non orzamentarias	287.776,35	0,00
PARTIDAS PENDENTES DE APLICACIÓN		-339.332,16
- Cobros realizados pdtes. de aplic.definitiva	375.773,32	
+Pagos realizados pdtes. de aplicación definitiva	36.441,16	
=REMANENTE DE TESOURERIA TOTAL		3.808.880,01
-SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		1.200.691,32
-EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		315.816,59
=REMANENTE DE TESOURERIA. PARA GASTOS XERAIS		2.292.372,10



Concello de Mugardos
(A Coruña)

6.- ROGOS E PREGUNTAS.

43 min 06 s: Polo sr. Alcalde dase comezo á quenda de rogos e preguntas; quenda que dará comezo cos rogos formulados polos señores/as concelleiros/as.

43 min 31 s: Polo sr. Martínez Bardanca formúlase un rogo relativo á ampliación das prazas do comedor escolar e á ampliación do tempo do que dispoñen os nenos para efectuar a comida, e outro rogo relativo ás respostas facilitadas polo sr. Alcalde ás preguntas formuladas.

45 min 30 s: O sr. Alcalde intervén para aclarar a resposta facilitada durante a sesión plenaria realizada o mes de xaneiro, ao respecto da licitación do servizo do comedor escolar, e de seguido dalle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do PSOE.

46 min 27 s: O sr. Martínez Bardanca di que á vista da aclaración efectuada polo sr. Alcalde a ampliación de prazas se producirá no mes de marzo.

46 min 35 s: O sr. Alcalde confirma que se ampliarán as prazas e se colocarán as manparas, e que se estaba á espera da colocación das mosquiteras e da realización dunha obra para facer un aseo comunicado só co comedor; obra que vai a financiar a Xunta de Galicia. De seguido, polo sr. Alcalde dase a palabra a aqueles concelleiros/as que teñen presentado preguntas para formular na presente sesión plenaria, comezando polas preguntas formuladas polo sr. Varela Filgueiras.

47 min 55 s: Polo sr. Varela Filgueiras formúlanse dúas preguntas, a primeira delas relativa ás medidas que levou a cabo o goberno para cumprir os acordos adoptados en relación á espera dos doentes no Centro de Saúde.

49 min 18 s: O sr. Alcalde resposta que si se teñen tomado medidas, aínda que estas poden non coincidir coas medidas que considera oportunas o BNG, e de seguido detalla as xestións realizadas a este respecto dende o Concello, e que consistiron en manter conversas coa coordinadora do Centro de Saúde ao respecto da posibilidade de instalar unha carpa e co Xerente da Área Sanitaria ao respecto da posibilidade de levar a cabo algunha actuación para favorecer a espera dos pacientes; e remata dicindo que estarían dispostos a levar a cabo posibles actuacións que se lles propuxesen ben dende o Centro de Saúde ben dende a Xerencia da Área Sanitaria.

52 min 13 s: O sr. Varela Filgueiras di que pola resposta facilitada entende que o único que se fixo foi manter conversas co Centro de Saúde e coa Xerencia da Área Sanitaria. De seguido, formula a súa segunda pregunta de resposta oral, relativa a que pasos está a dar o goberno municipal para a creación do Consello Local de Saúde.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

53 min 52 s: Polo sr. Mahía Prados respóstase que se está avaliando, co asesoramento do secretario da corporación, como constituír o Consello e que temas se poderían abordar no mesmo.

55 min 24 s: O sr. Varela Filgueiras indica que xa hai varios concellos da zona que o teñen constituído.

56 min 04 s: O sr. Mahía Prados di que é moi difícil desenrolar o actual Regulamento de Participación Cidadá e que ata o de agora ningún dos gobernos puido facer nada do que nel se establece ao estar pensado para una cidade grande e non para un concello pequeno, polo que ao mellor habería que pensar en modificar o citado regulamento.

57 min 10 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez González.

57 min 32 s: Polo sr. Martínez González formúlanse dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira das preguntas de resposta oral sería relativa a que empresa contratou o goberno municipal para analizar a calidade das augas do río Baa tras o incendio sufrido nunha nave industrial sita no Polígono de Vilar do Colo e o seu impacto ambiental sobre o mesmo. A segunda das preguntas de resposta oral é relativa a cales foron as xestións realizadas polo goberno municipal para evitar a tala das árbores que conforman a paisaxe do vial da Palma así como para unha efectiva xestión da biomasa, tras a actuación realizada na Redonda. De seguido, formula as dúas preguntas de resposta escrita, a primeira delas relativa á priorización doutras actuacións por parte do goberno municipal antes que pagar aos comercios de Mugardos os vales correspondentes ás axudas de xoguetes de Nadal e de material escolar e a segunda delas relativa a si se considera que se está axudando ás familias de Mugardos, dada a situación de crise económica que se está a vivir a consecuencia do COVID-19, obrigándoa a pagar en dous meses as matrículas e mensualidades de tres meses das escolas culturais e deportivas.

58 min 53 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Kuntz Peiteado.

59 min 03 s: O sr. Kuntz Peiteado resposta que a competencia da calidade das augas dos ríos é da Xunta de Galicia e non dos concellos, polo que ao Concello non lle corresponde facer as análises da auga, e sinala que o que se fixo foi poñer a situación en coñecemento de Augas de Galicia poñéndose a disposición do citado organismo para levar a cabo as actuacións que consideren axeitadas. De seguido, e en canto á segunda pregunta de resposta oral, e tras relatar as actuacións que fixeron gobernos anteriores nas árbores do paseo da Palma, e dado que a tala se levou a cabo nunha parcela privada, resposta que non é competencia do Concello, ao ser unha parcela agrícola, senón que se trata dunha competencia de Medio Rural, e de seguido detalla as actuacións, informes e expedientes tramitados no Concello a este respecto. Por último, e no que respecta a realización dunha xestión máis eficiente da biomasa, sinala que dende o Concello se está a traballar neste sentido pero que para poder mellorar este aspecto o primeiro que habería que facer é poñer ao día expedientes iniciados en anos anteriores, o segundo identificar as biomásas, o cal xa se está facendo, e así



Concello de Mugardos
(A Coruña)

mesmo cubrir o posto de medioambiente que figura na RPT, sinalando, así mesmo, que o ano pasado se interpuxeron máis de 400 denuncias polo tema da xestión da biomasa.

1 h 11 min: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Martínez González.

1 h 11 min 18 s: O sr. Martínez González di que a súa primeira pregunta era bastante clara, e era si o Concello fixo a análise da auga e no que respecta á segunda pregunta e á vista da resposta facilitada polo sr. Kuntz Peiteado, indica que durante o ano 2019 houbo contratado, durante seis meses, un técnico de medioambiente, e que as árbores foran taladas en base a un informe do citado técnico. Por último, roga que as preguntas sexan respostadas polas persoas ás que van dirixidas.

1 h 12 min 18 s: O sr. Alcalde aclara que non vai a responder preguntas sobre cousas de áreas nas que ten delegado as competencias porque son os propios concelleiros delegados os que poden facilitar unha mellor resposta ás preguntas formuladas. De seguido, o sr. Alcalde dalle a palabra á sra. González Lorenzo.

1 h 13 min 45 s: Pola sra. González Lorenzo fórmulanse dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira pregunta de resposta oral é sobre a razón da renuncia presentada polo goberno municipal á subvención do 80% concedida pola Xunta de Galicia para equipamento do pavillón municipal de O Cristo e a segunda, dada a diminución de ingresos que sofren os taxistas de Mugardos, sería en relación a si durante o ano 2021 o goberno municipal vai a dotar de fondos á iniciativa das rotas turísticas en taxi para así atraer turistas e axudar á maltreita economía dos taxistas do pobo. De seguido, fórmulas as dúas preguntas de resposta escrita, a primeira delas relativa á iniciación das xestións necesarias para rehabilitar a vivenda de titularidade municipal sita na Rúa Ferrol, como vivenda de aluguer social durante o ano 2021, e a segunda delas en relación a si se vai a iniciar o expediente de desafectación da Escola Infantil do Seixo pechada pola Xunta de Galicia dende o curso escolar 2019-2020; cuestión esta última sobre a que se tiña presentado unha moción no Pleno do mes de setembro, a cal se tiña retirado co compromiso do goberno municipal de incorporala para o seu debate en comisión e sen que a día de hoxe se teña producido este debate.

1 h 15 min 53 s: Pola sra. Roldós Iglesias, e no que se refire á primeira pregunta de resposta oral, resposta que as renuncias deste tipo quen as xestiona é o concelleiro de facenda. De seguido, e no que respecta á segunda pregunta, sinala que o primeiro que habería que facer sería ler os actuais protocolos para o desenvolvemento do servizo de transporte público e sinala que os taxistas son autónomos e que para axudar a ese colectivo xa se ten feito un plan de axudas en Mugardos, e sinala que, dado que é unha competencia da área de facenda, descoñece o por que e si solicitaron ou non estas axudas os integrantes deste gremio así como si recibiron ou non algunha axuda.

1 h 17 min 31 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. González Lorenzo.



Concello de Mugardos
(A Coruña)

1 h 17 min 35 s: A sra. González Lorenzo di que a razón de facerlle a primeira pregunta á sra. Roldós Iglesias foi porque ela se comprometera a levar a comisión a dotación do pavillón municipal, motivo polo cal agora preguntalle os motivos da renuncia.

1 h 17 min 59 s: A sra. Roldós Iglesias reitera que a renuncia á subvención non é unha competencia da concelleira de cultura e deportes senón do concelleiro de facenda.

1 h 18 min 44 s: A sra. González Lorenzo intervén para dicir que a pregunta era doada, simplemente era para saber cal era o motivo da renuncia.

1 h 18 min 59 s: O sr. Alcalde intervén para indicar que o sr. Mahía Prados quere intervir para responder á primeira pregunta formulada pola sra. González Lorenzo.

1 h 19 min 08 s: O sr. Mahía Prados intervén para explicar os motivos que deron lugar á efectuar a renuncia e informa que están a preparar unha licitación para adquirir o equipamento do pavillón e poder acceder este ano á concesión da subvención.

1 h 21 min 42 s: A sra. González Lorenzo di que despois da intervención efectuada polo sr. Mahía Prados entende que a conclusión é que ía no anexo de investimentos, que se fixeron 12 modificacións de crédito pero que ningunha delas foi para o pavillón.

1 h 21 min 54 s: O sr. Mahía Prados di que a conclusión é que non se presentou ningún tipo de proposta nin nos orzamentos nin ningún tipo de modificación, e que o grupo da sra. González Lorenzo paralizou os orzamentos, o que deu lugar a que non se puidese facer o gasto.

1 h 22 min 25 s: A sra. González Lorenzo, con relación ás intervencións efectuadas polo sr. Mahía Prados, di que había que cumprir uns prazos administrativos e uns dereitos de exposición pública que son para todos igual, e que polo tanto exerceron un dereito. De seguido, en relación á segunda pregunta, repregunta si se vai a dotar de fondos, durante o ano 2021, á iniciativa das rotas turísticas en taxi.

1 h 23 min 05 s: A sra. Roldós Iglesias di que non se pode falar de actividades turísticas e culturais sen ter en consideración o COVID dada a situación actual na que se atopa a pandemia, e reitera que dende o Concello se abriron liñas de axudas para os autónomos.

1 h 24 min 53 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Toimil Fernández.

1 h 25 min 52 s: Pola sra. Toimil Fernández fórmulanse dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira pregunta de resposta oral é sobre si favorece ás familias de Mugardos a decisión de non pagar as axudas para material escolar ás familias beneficiarias das mesmas meses despois de iniciarse o curso escolar e a segunda delas é sobre a tala da árbore sita na Fonte da Rúa Mercado o día de Noiteboa e en base a que informe se talou a citada árbore e por que a día de hoxe seguen sen recollerse os restos e sen limparse o



Concello de Mugardos
(A Coruña)

xardín. E de seguido formula as dúas preguntas de resposta escrita, a primeira delas relativa a cal vai a ser a localización da oficina da Oficina de Información e Turismo durante o verán do presente ano e a segunda delas en relación a si o goberno municipal entende que é necesaria a existencia do servizo de comedor escolar no IES de Mugardos para o vindeiro curso escolar.

1 h 27 min 49 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Varela Bastida.

1 h 28 min 03 s: A sra. Varela Bastida, no que se refire á primeira pregunta de resposta oral formulada pola sra. Toimil Fernández, resposta que non se trata dunha decisión persoal dela e que se trata dunha consecuencia da mala xestión do goberno anterior; e remata dicindo que dende servizos sociais non se fan pagamentos e que a pregunta debería de ir dirixida ao departamento de facenda.

1 h 28 min 48 s: O sr. Mahía Prados di que o problema da dilatación dos pagamentos prodúcese por dous motivos, un deles foi o continuo cambio das persoas que ocupaban o posto de traballadora social, que impediu que se puidesen emitir os informes necesarios para poder valorar as solicitudes presentadas, e o outro motivo foi que a partida de axudas de transporte e ensino estaba vinculada co relacionado co pagamento de axudas a autónomos e a conta de explotación de As Lagoas e dado que non había fondos suficientes para pagar todo houbo que priorizar os pagamentos; sinalando que unha vez incorporado o remanente voluntario se podería proceder a efectuar o pagamento das axudas de transporte e ensino.

1 h 33 min 32 s: A sra. Toimil Fernández di que entón o que quere dicir o concelleiro é que tiveron prioridades antes que as axudas ás familias e sinala que o que quere entender é que non había a partida concreta ata o 31 de decembro exclusivamente para esas axudas.

1 h 33 min 49 s: O sr. Mahía Prados di que a partida si existía pero que estaba incluída nunha bolsa de vinculación e que tiveron tomar unha decisión difícil e priorizar os pagamentos, polos motivos que relata.

1 h 35 min 13 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra ao sr. Kuntz Peiteado.

1 h 35 min 17 s: Polo sr. Kuntz Peiteado explícanse os motivos polos que se tivo que proceder á tala da árbore en cuestión e informa que se está a tramitar unha licitación para arranxar o estado dos xardíns municipais.

1 h 36 min 56 s: A sra. Toimil Fernández pregunta si ao respecto hai un informe ou se foi unha decisión por que estaba mal.

1 h 36 min 12 s: O sr. Kuntz Peiteado di que a noite de Noiteboa recibíuse unha chamada no GES alertando do risco de caída da árbore, e o GES á vista do risco de caída decidiu cortala.

1 h 36 min 58 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Díaz Otero.



Concello de Mugarbos
(A Coruña)

1 h 37 min 16 s: Pola sra. Díaz Otero fórmulanse dúas preguntas de resposta oral e dúas de resposta escrita. A primeira pregunta de resposta oral é sobre si se vai a contratar para o ano 2021 o servizo de control de poboación de gaivotas e a segunda pregunta de resposta oral sería ao respecto de cales son as xestións realizadas para a contrución dun novo edificio municipal que de resposta ás necesidades da práctica de deportes náuticos en Mugarbos. E de seguido formula as dúas preguntas de resposta escrita, a primeira delas relativa a si o goberno municipal está interesado en concretar o protocolo asinado co Arzobispado de Santiago de Compostela no ano 2019 para a adquisición da parcela onde está localizada a casa natal de Bello Piñeiro no Seixo, e a segunda relativa a cando se van a retomar os chamamentos de traballadoras provintes da lista de substitución de SAF para cubrir vacacións, días libres, baixas, etc.

1 h 38 min 42 s: Polo sr. Alcalde, e dado que a intervención da sra. Díaz Otero se entrecortaba, procédese a dar lectura ás dúas preguntas de resposta oral formuladas pola sra. Díaz Otero, e de seguido da á palabra ao sr. Kuntz Peiteado.

1 h 39 min 05 s: O sr. Kuntz Peiteado di que estudiarán o tema de contratar o servizo de control de poboación de gaivotas e se procede o levarán a cabo incluíndoo no orzamento do ano 2021.


1 h 39 min 25 s: O sr. Alcalde intervén para darlle a palabra á sra. Roldós Iglesias.

1 h 39 min 44 s: A sra. Roldós Iglesias, en resposta á segunda pregunta de resposta oral formulada pola sra. Díaz Otero, di que teñen un proxecto para un clube náutico deportivo, pero dado que o custo se estima en dous millóns de euros estase a buscar financiamento para poder levar a cabo o mesmo.

E non habendo máis asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión ás vinte e unha horas e dezaoto minutos do día ao comezo sinalado, estendéndose a presente acta para constancia do acordado, e que asina o sr. Alcalde e da que eu, como Secretario Xeral do Pleno Municipal, dou fe; facéndose constar que as intervencións producidas durante a celebración da sesión quedaron recollidas nun documento (video-acta) que forma parte da acta, no que á transcripción das intervencións se refire, e que se atopa custodiado no sistema informático do Concello de Mugarbos, puidendo accederse ao mesmo a través da seguinte dirección de internet:

<http://actasesionesdigital.smartis.es/mugarbos/visor.aspx?id=7>

Correspondendo ao seu contido o seguinte código de integridade (SHA-256):



Concello de Mugardos
(A Coruña)

08843bcb91ad907d0e240eceb62f607ab8ae891dee6eb87e75d994a02a23b741

Vº e prace
O ALCALDE